



Concello de Ribeira de Piquín

BANDO

PROGRAMA BENESTAR EN BALNEARIOS

O venres día 7 de outubro de 2022, saíu publicada no DOG a orde da Consellería de Política Social e Xuventude sobre a oferta de estadias en establecementos balnearios dentro do programa Benestar en balnearios para o ano 2022.

PERSOAS BENEFICIARIOS E REQUISITOS:

- Ser maior de 60 anos ou maior de 55 e reunir a condición de pensionista do sistema da Seguridade Social.
- Estar empadroada e residir nalgún concello da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Valerse por si mesma para as actividades da vida diaria e estar en condicións de participar no programa.
- Non padecer alteracións do comportamento que poidan afectar a normal convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidade transmisíbel con risco de contaxio.
- Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.
- Acadar, de conformidade co baremo establecido, a puntuación que lles permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas.

QUENDAS E PREZO:

- As quendas teñen una duración de dez (10) días, con nove noites.
- O desenvolvemento destas quendas terá lugar durante o período comprendido entre o 1 de novembro e o 17 de decembro do ano 2022.
- O prezo para pagar polos usuarios e, no seu caso, os acompañantes varía segundo o balneario.

PRAZO DE PRESENTACIÓN:

O prazo de presentación é do 10 de novembro de 2022 ao 24 de novembro de 2022.

Para calquera información contactar coa Traballadora Social do Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, 10 de novembro de 2022.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

Modelo Padrón de Pobo. (1 para 1)
Assinado e Validado por:
Data do Sinalado: 10/10/2022
HASH: 07f8eab7c70aa70110ba1000e7e6308



Cod. Validación: 6H0ADN2IQAT7S9M3J7W3YEMJMW | Corrección: <https://ribelradepiquin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2